

---

## CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS

---

Texto de CHEMA HERAS

Ilustracións de KIKO DA SILVA

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

### Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis

(galego)

ISBN 978-84-8464-438-5. Demademora.

### Quando a Matías le entraron ganas de hacer pis en la noche de Reyes

(castelán)

ISBN 978-84-8464-439-2. Obras de autor. Primeros lectores.

### En Martinet tenia ganas de fer pipí la nit de Reis


(catalán)

ISBN 978-84-8464-016-5. Obres d'autor. Primers lectors.

*-Os Reis non entran nas casas dos nenos  
que non estan durmidos! -espetoulle o pai.  
-Entón voume deitar cedo -aceptou o cativo.  
...No medio e medio da noite, Martiño espertou  
coas ganas de mexar...*

«Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis» é un atípico conto de Nadal que nos amosa a particular visión dun neno sobre ese acontecemento tan especial. A narración, chea de enxeño e de humor, desvela a inxenuidade e a complexidade do maxín infantil. As ilustracións destacan pola súa forte expresividade e fan deste álbum un dos preferidos nas bibliotecas dos cativos.

«Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis» chega sempre polo Nadal para facer sorrir a lectores pequenos e grandes, para que gocen da ledicia e da ilusión que agroma en cada páxina. Porque todo comeza cunha carta co mesmo encabezado: “Queridos Reis...”




---

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---



- 
- **Temática:** conto de Nadal.
  - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
  - **Aspectos destacables:** humor; colorido; canción a modo de retrouso (repetición); tradicións do Nadal; soños, ilusión; do autor de «Avós» (Kalandraka); do ilustrador de «Moncho e a mancha» (Kalandraka).
  - **Avance do libro:**  
<http://bit.ly/CandoMartiñoKLKissuu>
- 

### **Chema Heras**

(Ávila, 1957)

Foi profesor de inglés nun centro escolar de Ribadumia e realiza traballos de tradución e colaboración editorial no eido da literatura infantil-xuvenil. Editou o poemario «Nido de amor e cuna» (1982) e, no plano educativo, a colección de contos «Bulebule» para ler e escribir. Durante a súa estadia en Australia escribiu e adaptou varios libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur. Entre as súas publicacións tamén figura «A fuxida dos nenos» (Sotelo Blanco, 1990). Tamén é autor de «Avós». Entre as obras traducidas destacan «Non Stop» de Tomi Ungerer e «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo» de Leo Lionni, ambas en KALANDRAKA.

### **Kiko da Silva**

(Vigo, 1979)

Artista plástico e humorista gráfico, licenciado na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Iniciou a súa traxectoria profesional en 1998: creou e dirixiu as revistas de banda deseñada *BD Banda* (premio ao mellor fanzine do Salón do Cómic de Barcelona), *Fiz e Retranca* (Premio Ourense á Mellor Iniciativa de Banda Deseñada 2010). É autor do álbum «Moncho e a mancha» (KALANDRAKA). Colaborou na revista *El Jueves* e no traballo colectivo «H2Oil», sobre a catástrofe do Prestige. Recibiu, entre outros galardóns, o 1º Premio de Cómic de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto (Portugal) e o Premio Castelao de Banda Deseñada 2014. Actualmente é director e profesor da Escola Profesional de Banda Deseñada *O Garaxe Hermético*, en Pontevedra.

<http://kikodasilva.blogspot.com>

<https://www.ogaraxehermetico.com>